


ALGO DE HISTORIA



Hai anos, coincidindo coa chegada do outono,

apañábanse as cabazas.

A rapazada que colaborara na colleita era agasallada con algunha destas cabazas para que nelas tallaran caveiras arrepiantes, canto máis arrepiantes moito mellor e que as colocaran, a noite do 31 de outubro e cunha candeia dentro, nos camiños, entre as silveiras, nas fiestras das casas... co aquel de meterlle medo á xente que pasase a rentes delas.

LEMBRA ...



As cabazas entregaranse no colexio a partires do luns,

30 de outubro pola mañá, á hora da entrada e ata o martes, día 31.


Recollerán as cabazas alumnos e alumnas de 6.º, que entregarán a cada participante un agasallo modelo Samain 2017.

O martes, 31 de outubro, durante o recreo, apagaranse as luces do recibidor do colexio e prendéranse as candeas das cabazas.

Á cuarta e quinta sesión do colexio haberá que recoller a cabaza e levala a casa para colocala na terraza, na fiestra... co aquel de meterlle medo á veciñanza.

SAMAÍN

2017



A FESTA DAS CABAZAS

A FESTA DOS CALACÚS

Tallar caveiras nas cabazas é un costume galego que, de novo, volta ser popular.

**EQUIPO DE ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**



**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

**CEIP GALÁN
OSEIRO-ARTEIXO (A CORUÑA)**



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

COMO SE TALLA UNHA CABAZA?



1 Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa, pero procura que estea máis verde que madura. Aguantarán máis tempo.

2

Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servirache de tapa.



3

Colle unha culler e baleira o interior da cabaza. Límpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.

4

Talla unha cara que dea moito medo. Cun coitelo ide tallando os ollos, o nariz, a boca...



5

Decora a cabaza, colócalle unha candea no interior e xa está. Colócaa na fiestra, na terraza, nun valado, no camiño e... a meter medo á veciñanza!